

NUM. 06/2017

ACTA DA SESION ORDINARIA DE PLENO DE DATA 25 DE MAIO DE 2017

En Soutomaior, a 25 de maio de 2017, sendo as trece horas e cincuenta minutos e previa convocatoria ó efecto, reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D.^a M.^a Dolores Cernadas García, D.^a Cristina González Piedras, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^a Noelia Ocampo González, D.^a Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^a M.^a Rosario Bouzón Martínez, D.^a María Menduiña Durán, D.^a Olalla Obelleiro Hermida e D.^a Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.^a Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 04/17

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión anterior, núm. 04/17, de data 16 de maio de 2017.

A devandita acta é aprobada con oito votos a favor (dos oito membros do grupo político do PP e do grupo mixto) e cinco abstencións (dos cinco membros do grupo político do BNG).

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR MEDIDAS DE SEGURIDADE E CALMADO NA PO-244 AO SEU PASO POR SOUTOMAIOR

Dáse lectura ó Dictame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Servizos e Medio Ambiente que di:

“Dase lectura a Moción presentada polo BNG, que di:

A situación do tráfico no noso concello está a provocar varios problemas á veciñanza.

Son diferentes os puntos do concello nos que os veciños padecen as consecuencias dun tráfico caótico e sen ningún tipo de planificación que en moitas ocasións pon en perigo mesmo a integridade física da nosa veciñanza.

No caso de Soutomaior, existe unha demanda veciñal para establecer medidas de seguridade viaria na estrada PO-244 ao seu paso por Soutomaior (Recta do piñeiro). Neste punto, que separa dous núcleos de poboación do municipio, conflúen tres circunstancias que converten ese tramo nun lugar perigoso tanto para os peóns como para o tráfico rodado. Esas circunstancias son: a ausencia de beirarrúas en diferentes puntos do trazado, a existencia dunha recta con cambio de rasante e a existencia dun cruce perpendicular con escasa visibilidade que comunica a recta do Piñeiro co barrio do Val Sobral.

Esas tres circunstancias, xunto coas altas velocidades que se rexistran nese punto, preocupan moitos veciños que demandan medidas de

calmado de tráfico e de seguridade; alegando que o mero feito de cruzar a estrada supón en moitos casos un perigo importante para a súa integridade.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do BNG propón ao pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Solicitar á Xunta de Galiza medidas de seguridade viaria e calmado de tráfico que garantan a seguridade dos veciñanza no punto indicado.

2.- Informar á corporación de todos os pasos que se dan para efectivizar este acordo.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.”

DEBATE

O Sr. Lourenzo Sobral explica a Moción e di que é unha demanda dos veciños que ven de vello.

O Sr. Fernández Garrido di que dende o grupo de goberno do partido popular estarán sempre a favor de todas as medidas de seguridade vial, así que en principio apoiarán a Moción, pero teñen que comentar que gracias ás xestións de este grupo de goberno arranxouse esta estrada, a cal se atopaba nun estado penoso; foi este goberno quen posteriormente invirtiu unha subvención coa que se arranxou a rúa Alexandre Bóveda (Pedreira-Romariz), con recollida de pluviais, redutores de velocidade, asfaltado e pintado e posteriormente, mediante dúas sendas en Pedreira e a Montesiña, uniuse completamente con beirarrúas dende a rotonda de a Montesiña ata a ultima casa da parroquia de Soutomaior no Val. Con respecto o calmado de velocidade na recta do Piñeiro, habería que modificar o nome, porque o Piñeiro e o lugar que separa o barrio de Romariz con Val-Sobral de O Rial e non pasa a PO-244; con respecto ó cruce tamén se fixeron xestións para que se limpara, como así se fixo. Por ultimo convida a tod@s ás xornadas de seguridade vial programadas para o día 2 de xuño .

A Sra. Montero Pérez di que está a favor da Moción.

O Sr. Lourenzo Sobral di que espera que esta Moción si se execute.

VOTACIÓN

Por unanimidade dos trece membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

3º.- MOCIÓN DO BNG PARA A REFORMA DO MULTIUSOS EN ARCADE

Dáse lectura da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Servizos e Medio Ambiente que di:

“Dase lectura a Moción presentada polo BNG, que di:

No Multiusos de Arcade vivimos dende hai tempo unha situación que non pode ser calificada máis que de esperpéntica. Realidades impropias dun concello comprometido coa cultura, como o feito de que un espazo que, a priori, debería ser destinado á cultura e á veciñanza fiquen enreixado ou o feito de que o deseño do propio edificio non permita sequera facer proxeccións durante o día, son exemplos evidentes da xestión do Partido Popular neste eido.

Son varios os casos que padecemos nos últimos tempos, nos que xurdiron problemas para realizar proxeccións coa normalidade e que

deixaron en evidencia a necesidade de reformar o Multiusos de Arcade para convertelo nun espazo no que se poida proxectar películas e realizar actos similares a calquera hora do día.

Sen dúbida, nos últimos días púxose aínda máis de manifesto a gravidade desta situación que xa fóra denunciada noutras ocasión polo grupo municipal do BNG. Situación que denota tanto o abandono do goberno local a este respecto coma os problemas que xorden para a veciñanza.

Problemas que se concretaron en casos como que nun festival de curtas (en horario escolar e no que participaron dúcias de nenas e nenos de primaria) as cristaleiras do auditorio tiveran que remendarse con plásticos negros para poder proxectar. Ou casos de moitas outras actividades que non puideran ser levadas adiante durante o día porque o deseño do lugar co que nos agasallou o Partido Popular supuxo unha chapuza que o goberno local nin sequera se preocupou de resolver.

Estas esperpénticas situacións no auditorio constitúen sen dúbida exemplos paradigmáticos da xestión de cultura que se vive no concello de Soutomaior. Unha xestión vinculada exclusivamente a manter un cargo remunerado que destaca politicamente por unha incapacidade manifesta para dotar ao noso concello dunha actividade cultural viva e dinámica.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG propón a este pleno o seguinte **ACORDO**:

1º.- Realizar con urxencia unha reforma do multiusos de Arcade para garantir que se poida escurecer o salón e facer proxeccións e outro tipo de actos durante o día.

2º.- Retirar o enreixado que cerca un espazo que debería ser aberto á cultura e á veciñanza.

3º.- Informar aos grupos da oposición puntualmente de todos os pasos que se dan para garantir este dereito da veciñanza a ter un espazo de cultura aberto, digno e con posibilidade de ser usado a calquera hora.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos."

DEBATE

A Sra. Obelleiro Hermida explica a Moción.

A Sra. Montero Pérez di que está a favor.

A Sra. Cernadas García di que o Multiusos está a disposición de todo o que queira participar nas súas actividades en horario de atención ó público. Respecto ó Festival de curtas, se lle explicou a situación á persoa que veu para pedilo. O tema da cubrición con plástico negro foi idea dos organizadores. Había dúas opcións, ou non deixar que se celebrara ali ou cubrir cos plásticos. Foi unha estupenda experiencia para os rapaces, así que o volverían facer. Son conscientes do problema e están buscando solucións. A percepción que lle transmite a xente das actividades é moi diferente. Respecto a que as obras foron unha chapuza: se trata da rehabilitación dunha antiga fábrica, realizada por un arquitecto de moito prestixio. Teñen moitas felicitacions dos veciños en relación ás actividades culturais que se realizan no Concello. Respecto ó enreixado, o obxectivo é preservar o bó estado no que está. Van votar en contra.

O Sr. Lourenzo Sobral di que son dúas visións diferentes do que debe ser un espazo de cultura. O **enreixado** impide que a xente poida estar alí cando está pechado o Multiusos. Están empregando a Moción para tratar temas que non están nela. A veciñanza lles traslada que non é adecuada a xestión da cultura neste Concello. A cultura non debe ser excusa para manter un cargo remunerado. Lles parece que a concelleira fai unha xestión de cultura nefasta. O Sr. Fernando Herrero Caramés e a Sra. Ánxela Sobral, xa truxeron no seu momento esta cuestión a pleno. O salón non funciona porque non se poden facer proxeccións durante o día. E a solución non pode ser por plásticos negro ou non facelo. Hai que buscar unha solución. Eles en 20 anos non atoparon solución. Por iso traen esta Moción. Propón modificar a Moción deixando só o tema de arranxar a luz.

O Sr. Alcalde di que se vai arranxar.

A Sra. Cernadas García di que saben a problemática que teñen. As proxeccións se fixeron moitas veces en hora de noite.

O Sr. Lourenzo Sobral di que cando piden seriedade que se apliquen o conto. Levan 20 anos sen solucionar o problema. Pregunta se hai no orzamento algunha partida específica para solucionar isto.

O Sr. Alcalde di que un lugar fantástico para proxeccións é a Casa de Cultura de Soutomaior.

VOTACIÓN

Con sete votos en contra da moción (dos sete membros do grupo político do PP) e seis votos a favor (dos cinco membros do grupo político do BNG e da membro do GM) o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Desestimar a Moción presentada nos seus propios termos.

4º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DAS FAMILIAS QUE SOLICITARON AS AXUDAS Á DEPENDENCIA

Dáse lectura do Ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Benestar Social, Ensino e Sanidade que di:

“Dase lectura a Moción presentada polo BNG, que di:

Os retrasos nos pagos das axudas á dependencia foron unha realidade que afectou a moitas familias de todo o país nos últimos tempos. En Soutomaior, hai varios casos nos que se recoñeceu unha situación de dependencia a varias familias por parte da Consellaría de Benestar Social, mais que nunca recibiron estas axudas que lle correspondían por lei.

Na actualidade, a xustiza está a dar a razón de xeito sistemático ás denuncias das familias que reclaman o que lles pertence e que, polo tanto, obrigan á Xunta a pagar os gastos derivados da situación de dependencia que tiñan recoñecidos estes familiares.

Desafortunadamente, en moitos casos, a situación de dependencia rematou co falecemento da persoa dependente sen que as familias puidesen cobrar as axudas que lles correspondían por lei. Pero as recentes sentenzas que está a haber por todo o país están a sentar xurisprudencia. Esta situación abre un novo vieiro que garante que aquelas persoas que coidaron familiares en situación de dependencia recoñecida, teñen o dereito recoñecido xudicialmente, a percibir estas axudas.

Desafortunadamente a actitude da Xunta de Galiza está a ser dunha perversión absoluta. Negándose a pagar aos afectados ata que hai unha sentenza xudicial firme para cada caso, Esta realidade obriga aos familiares

a realizar un importante gasto en trámites xudiciais, así como a iniciar un proceso legal que provoca un evidente efecto disuasorio.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do BNG propón ao pleno o seguinte ACORDO:

- Informar dende os servizos sociais do concello a todas as familias que se atopen nesta situación para que poidan reclamar esta axuda así como dos pasos a dar para iniciar o proceso.
- Poñer a disposición dos afectados todos os medios humanos e materiais para levar adiante estas reclamacións
- Convocar unha comisión de seguimento deste proceso na que se manteñan informados puntualmente do proceso a todos os grupos municipais.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.”

DEBATE

O Sr. Lourenzo Sobral explica a Moción.

A Sra. González Piedras di que van votar a favor. Segundo os informes de Servizos Sociais sempre se informou aos veciños que o demandan, pero a traballadora social non pode acceder á base de datos se non o demandan. En relación coa moción, a responsable dos servizos sociais, fai saber que dende que se publicou a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, procedeuse a informar e aportar, á veciñanza que o demandase, a solicitude ou procedemento para o “Recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema”, xunto co informe social pertinente. En relación ao punto no que se propón poñer a disposición dos afectados todos os medios humanos e materiais para levar adiante estas reclamacións, ata o de agora ningún veciño solicitou axuda neste aspecto, a maioría dos solicitantes xa se puxeran en contacto cun/cunha avogado/a e dirixíronse aos servizos sociais só para solicitar o informe social que se lles require. De todas formas toda persoa que procure xustiza gratuíta remitiráselle á avogada do Concello. En relación ao punto no que se propón convocar unha comisión de seguimento deste proceso na que se manteñan informados puntualmente a todos os grupos municipais, solicitouse ao avogado do Colexio de traballadores/as sociais de Galicia un informe ao respecto, posto que si se solicitan datos persoais habería que proceder segundo a Lei de Protección de Datos. Aduntarase en canto se reciba.

O Sr. Lourenzo Sobral di que vai haber moitas que prescriban, prescriben aos 6 anos. Debería facerse un chamamento á veciñanza para que poidan vir aquí e asesoralos.

O Sr. Alcalde di que a traballadora social non sabe a quen se lle vai conceder a dependencia.

O Sr. Lourenzo Sobral di que fagan un anuncio nos medios para que as familias interesadas poidan vir para facer a reclamación o comunicarlles que

teñen esta posibilidade. Se non, moitos ou algún poden perden os cartos.

VOTACIÓN

Por unanimidade dos trece membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Proposta presentada nos seus propios termos.

5º.- DACIÓN CONTA SOLICITUDE SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS LIÑA 2: GASTO CORRENTE NOVO

Se da conta do acordo da Xunta de Goberno Local, da súa sesión de data 23 de marzo de 2017, que di:

“SOLICITUDE SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS LIÑA 2: GASTO CORRENTE NOVO

Coñecendo o contido das Bases reguladoras e convocatoria do plan de obras e servizos (plan concellos) 2017, publicadas no BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias delegadas polo Sr. Alcalde por Resolución de data 15 de xuño de 2015, e a Base 6ª das aprobadas, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “Plan Concellos 2017: Pago de facturas a Urbaser, SA”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 70.013,60 euros con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención

Terceiro. Colaborar no seu financiamento coa achega da contía de 163.582 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que este celebre.

O Pleno do Concello se da por enterado”

6º.- INFORMES ALCALDÍA

Resolucións: De acordo có establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, o Sr. Alcalde da conta, sucintamente, das resolucións adoptadas dende o 30 de marzo ao 24 de maio de 2017 (núms. 133/17 a 214/17), que foron remitidas ós/ás concelleiros/as ó seu buzón na sede electrónica.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

O Sr. Lourenzo Sobral realiza as seguintes preguntas:

1º.- Cando se vai a responder ás alegacións do PXOM?

Resposta do Sr. Alcalde: en xuño.

2º.- Na zona de A Pedreira hai uns lombos de piche (made PP de Soutomaior), pregunta se teñen coñecemento de que existen e se van quitalos.

Resposta do Sr. Alcalde: están nese proceso, que lles diga onde.

3º.- Hai 7 meses nunha Moción falaba dos cables que están pendurados no Centro de Saúde de Arcade

Resposta do Sr. Alcalde: non teñen corrente, son de telefónica.

O Sr. Lourenzo Sobral di que pasa o mesmo en Xosé Solla, na metade da rúa. Están pendurados e parece que teñen corrente, é un perigo real e obxectivo.

4º.- A Galiña azul: a arqueta está igual que estaba. Arranxouse pero volve a estar mal.

5º.- Cando se pensan habilitar as zonas de baño do Concello? Están lamentables.

Resposta do Sr. Alcalde: están iniciando o arranxo como todos os anos.

O Sr. Lourenzo Sobral si que require un pouco máis de atención. Vai xente todo o ano.

6º.- Mesa interinstitucional. Vai vir a Pleno?

Resposta do Sr. Alcalde: solo foi cambio de nome, se ten que vir a Pleno virá. Solo foi cambiar Comisión por Mesa.

A Sra. González Piedras di que se trata dunha Mesa técnica.

O Sr. Lourenzo Sobral di que segue preguntando se vai vir o Pleno.

O Sr. Alcalde di que virá se ten que vir.

A Sra. Montero Pérez fai o seguinte rogo.

O parque infantil da Igrexa necesita mantemento. Están indo moitos nenos moi pequenos.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Documento asinado dixitalmente á marxe.